

Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Persoal, oposicións

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO QUE SE CONVOCOU PARA CUBRIR 2 PRAZAS VACANTES DE ADMINISTRATIVO/A (PERSOAL FUNCIONARIO)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-1072, con data de 16/04/2024, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir dúas prazas vacantes de persoal funcionario do Concello de Redondela denominadas ADMINISTRATIVO/A e incluídas nas Ofertas de Emprego Público do ano 2017 e 2019, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir dúas prazas vacantes de persoal funcionario denominadas ADMINISTRATIVO/A, encadradas na escala da Administración Xeral, subescala Administrativa, grupo C, subgrupo C1 e incluídas nas ofertas de emprego público do ano 2017 e 2019, mediante o sistema de oposición, polo procedemento de promoción interna, publicáronse no BOPPO núm.: 25, do 08/02/2021.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 21/05/2021 e rematou o día 18/06/2021.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-2933, con data de 01/12/2021, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir dúas prazas vacantes de persoal funcionario denominadas ADMINISTRATIVO/A, incluídas nas ofertas de emprego público do ano 2017 e 2019, publicouse no BOPPO núm.: 239, do 13/12/2021.

O día 27/12/2021 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder presentar reclamacións contra a antedita lista provisional.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

Tras presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 25, do 08/02/2021, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura de dúas prazas vacantes de persoal funcionario denominadas ADMINISTRATIVO/A, mediante o sistema de oposición, polo procedemento de promoción interna.

SEGUNDO.— Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir dúas prazas vacantes de persoal funcionario denominadas ADMINISTRATIVO/A, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Titular: Xosé Ramón Mato Lodeiro, técnico de Xestión do Concello de Redondela.
- Suplente: Sonia M.^a Puga Gándara, aparelladora do Concello de Redondela.

SECRETARIO:

- Titular: Xurxo Martínez González, técnico de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.
- Suplente: Alberto Crespo Cabaleiro, delineante do Concello de Redondela.

VOGAIS:

- Titular: María Barreiro Tosar, técnica de Xestión Tributaria do Oral.
- Suplente: M.^a del Mar Lamoso Varela, xefa de modernización e desenvolvemento administrativo do Oral.
- Titular: José Antonio Gulías Varela, xefe de negociado do servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Cristobal González González, administrativo do servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Ana M.^a Osorio Calles, administrativa do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.— A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 04/06/2024

HORA: 10:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

CUARTO.— As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 06/06/2024

HORA: 10:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO.— Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO.— Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

